

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL ENCARGADO DE XULGAR O PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE SEIS PRAZAS DE TÉCNICO/A DE CULTURA, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 DO CONCELLO DE BOIRO.

CÓDIGO DE PROCEDIMENTO 5/2022

Acta do tribunal de selección.

Acta n.º 2

Contestacións ás alegacións formuladas, proposta de nomeamento/contratación e constitución de bolsa de emprego.

Data da sesión: 09.05.2023

Hora de inicio: 13:00 horas

Hora de finalización: 15:00 horas

Lugar: Casa do Concello de Boiro

Asistentes:

Dalmiro Núñez Méndez, Secretario do concello de Boqueixón

Lucía Artime Arnos, secretaria do concello de Noia

María Pardo Quintana, viceinterventora do concello de Ames

Manuela Sofía Abelenda Antelo, técnica do concello da Baña

Manuel Suárez Bermúdez, arquitecto do concello de Oroso

Transcorrido o prazo de alegacións ou reclamacións, de tres (3) días hábiles para presentar alegacións, o tribunal acorda:

1 EXAME E CONTESTACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS:

Alegación Formulada por Mercedes Ferreiros González

En data 20.04.2023 Mercedes Ferreiros González presenta as seguintes alegacións a puntuación outorgada na baremación de méritos (Rex. Entrada 1507/2023):

“Solo se le valora un mes de los 6 meses de servicios prestados en el Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña”.

Contestación ás alegacións:

Comprobada a documentación presentada polo aspirante constátase que a certificación achegada soamente recolle un mes de experiencia polo que o Tribunal ACORDA REXEITAR a alegación presentada.

Alegación Formulada por Susana Otero Pérez

En data 20.04.2023 Susana Otero Pérez presenta as seguintes alegacións a puntuación outorgada na baremación de méritos (Rex. Entrada 1503/2023):

“Que se revise a puntuación outorgada no apartado experiencia profesional dado que toda a experiencia laboral aportada foi en postos equivalentes ao subgrupo A1, postos pertencentes ao grupo 1, como se pode comprobar na documentación achegada no seu momento. Agás os meses traballados como coordinadora no PAI que pertence ao grupo 2 e non sería equivalente.”

Contestación ás alegacións:

De acordo co establecido na base 4.4 falase de servizos prestados no corpo, escala ou categoría equivalente, considerando o Tribunal que se debe ter en conta para a valoración que a experiencia que se alegue sexa no mesmo corpo, escala ou categoría en postos que teñan funcións similares ou equivalentes ás establecidas nas bases específicas para cada praza, e non só pola coincidencia de corpo, escala ou categoría. Por tanto, o que se valora son servizos no posto convocado ou aqueles que teñan funcións equivalentes sen valorarse por iso a grupo ou categoría de forma illada.

En consecuencia, o Tribunal ACORDA REXEITAR a alegación presentada pola aspirante.

De acordo co anterior, o Tribunal ACORDA:

PRIMEIRO. Rexeitar a alegación formulada por Mercedes Ferreiros González polos motivos anteriormente expostos.

SEGUNDO. Rexeitar a alegacións formulada por Susana Otero Pérez polos motivos anteriormente expostos.

2 Puntuacións definitivas

Unha vez incorporadas as variacións resultantes da alegación, outórganse a seguintes puntuacións definitivas o resultado é:

Aspirante	A) experien- cia profesio- nal	B) Outros méri- tos	Total
ALBERTO GARCIA SANCHEZ	90	10	100
ANGEL SANTIAGO CAMPOS PENA	90	10	100
JESUS LEOPOLDO PORTELA MARTINEZ	90	10	100
MANUELA FERREIROS ALCALDE	90	10	100
Mª ELENA DOSIL REDONDO	90	10	100
JOAQUINA LOMBA FERNANDEZ	90	10	100
SUSANA OTERO PEREZ	6,84	10	16,84
JAIME BELLO GONZALEZ	3,74	10	13,74
ANTIA FIGUEIRAS GONZALEZ	1,32	10	11,32
MERCEDES FERREIROS GONZALEZ	1,14	10	11,14
ALBA LIS LAVANDEIRA COSTAS	0	10	10
BEATRIZ ROO VAZQUEZ	0	10	10

Á vista do resultado o órgano de selección acorda:

PRIMEIRO. Propoñer a contratación como persoal laboral fixo de:

Aspirante	A) experiencia profesional	B) Outros méritos	Total
ALBERTO GARCIA SANCHEZ	90	10	100
ANGEL SANTIAGO CAMPOS PENA	90	10	100
JESUS LEOPOLDO PORTELA MARTINEZ	90	10	100
MANUELA FERREIROS ALCALDE	90	10	100
M ^a ELENA DOSIL REDONDO	90	10	100
JOAQUINA LOMBA FERNANDEZ	90	10	100

SEGUNDO. Proceder á súa publicación da sede electrónica do concello de Boiro

E sen máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto do que se estende esta acta que asinan os asistentes.

